

## **SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA QUINCE DE MAIO DE DOUS MIL DOCE.**

No Concello de Lán cara, sendo as doce horas do día quince de maio de dous mil doce, reúnese no Salón de Sesiós o Concello Pleno, para tratar dos asuntos contidos na Orde do Día, coa asistencia do Sr. Concelleiros: D. Ricardo Núñez Valcárcel, D. José Manuel Neira Castro, D. Andres Manuel Caballero López, D. José Manuel Alvarez Rodríguez, D. Carlos Fernández Díaz, D. Dario Antonio Piñeiro López ,D. Pablo Rivera Capón , D. Oscar Rodríguez Somoza, D. José Manuel García Aldegunde e D. Carlos Santiago López Sierra.

Preside a Sesión o Sr. Alcalde D. Eladio Capón López, e actúa de Secretario D. José López Castro.

Aberto o acto pola Presidencia, dase conta dos seguintes asuntos:

**1º.-LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O VINTE E CINCO DE ABRIL DE DOUS MIL DOCE.**

**2º.-APROBACIÓN DE CONCERTACIÓN OPERACIÓN DE CRÉDITO PARA PAGO A ACREEDORES SEGÚN REAL DECRETO LEI 4/2012.**

**3º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO ORZAMENTO ANO 2012.**

**4º.-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS INTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS E COLOCACIÓN DE CARTEIS PUBLICITARIOS.**

**5º.-ORDENANZA REGULADORA DA APERTURA DE ESTABLECEMENTOS PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES NON SOMETIDAS A AVALIACIÓN DA INCIDENCIA AMBIENTAL.**

**6º.-MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU QUE EXTENDA A ADMINISTRACIÓN E AS AUTORIDADES MUNICIPAIS A INSTANCIA DE PARTES (EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS).**

**1º.-LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O VINTE E CINCO DE ABRIL DE DOUS MIL DOCE.**

Visto o borrador da acta de sesión celebrada o día vinte e cinco de abril de dous mil doce este foi aprobado por unanimidade de tódolos asistentes.

## **2º.-APROBACIÓN DE CONCERTACIÓN OPERACIÓN DE CRÉDITO PARA PAGO A ACREEDORES SEGÚN REAL DECRETO LEI 4/2012.**

Dase lectura a proposta da Alcaldía que di literalmente:

### **PROPOSTA DA ALCALDIA:**

“O Concello de Láncara acolleuse ao mecanismo de pago a provedores que se regula no Real Decreto Lei 4/2012 e para iso realizou todos os trámites esixidos polo mesmo, dando conta o 30 de marzo ó Pleno das facturas enviadas e aprobando o Plan de Axuste correspondente.

Dito Plan de Axuste foi aprobado polo Ministerio e o seguinte paso é a formalización da correspondente operación de crédito para que os provedores podan recibir o pago das facturas.

A operación de crédito ten que estar aprobada polo Pleno con data límite o 15 de maio de 2012

De acordo coas instrucións dadas polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, o acordo de aprobación da operación de crédito debe ser xenérico en canto á entidade de crédito coa que se formalizará a operación, xa que se asignará polo Instituto de Crédito Oficial (ICO). Tamén deberá ser xenerica en canto ó tipo de interese, tendo en conta o disposto no punto sétimo do Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos de 1 de marzo, que di que será “o equivalente ao coste de financiación do Tesouro Público ós prazos sinalados mais un márxese máximo de 115 puntos básicos, ó que se engadirá un márxese de intermediación dun máximo de 30 puntos básicos.”.

O período de amortización máximo será de 10 anos e os dous primeiros son de carencia de amortización do principal.

A asignación das entidades de crédito é indiferente xa que todas elas van aplicar exactamente as mesmas condicións.

O importe é de 99.220,02 €, correspondentes as facturas enviadas polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o ICO.

A formalización do préstamo coa entidade bancaria que asigne o ICO realizarase entre os días 16 e 25 de maio.

### **POLO TANTO PROPONSE Ó PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a concertación da operación de crédito para pago a provedores segundo o disposto no Real Decreto Lei 4/2012 polo importe de 99.220,02 €, cantidade enviada polo Ministerio de Facenda e Administración Pública o ICO., coa entidade de crédito que asignará o Instituto de Crédito Oficial (ICO) e co tipo de interese que se determine conforme ao establecido no Acordo da Comisión Delegada do

Goberno para Asuntos Económicos do 1 de marzo. O período de amortización do crédito será como máximo de 10 anos e os dous primeiros son de carencia de amortización do principal.

**SEGUNDO.-** Facultar ao alcalde, como representante legal do concello, para formalizar a operación de crédito coa entidade bancaria que asigne o ICO a partir do día 16 de maio.”

Por parte do voceiro do PSG-PSOE Dario A. Piñeiro López pon de manifesto que como xa dixeron os seus compañeiros no Pleno que se tratou este asunto, no que se abstiveron, tamen o van facer neste.

Sometido o asunto a votación o Pleno por maioría absoluta o votar a favor os 5 Concelleiros do P.P. e 1 do CDL e abstendose os 4 Concelleiros do PSG-PSOE e 1 do BNG,

ACORDOU:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a concertación da operación de crédito para pago a provedores segundo o disposto no Real Decreto Lei 4/2012 polo importe de 99.220,02 €, cantidade enviada polo Ministerio de Facenda e Administración Pública o ICO., coa entidade de crédito que asignará o Instituto de Crédito Oficial (ICO) e co tipo de interese que se determine conforme ao establecido no Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos do 1 de marzo. O período de amortización do crédito será como máximo de 10 anos e os dous primeiros son de carencia de amortización do principal.

**SEGUNDO.-** Facultar ao alcalde, como representante legal do concello, para formalizar a operación de crédito coa entidade bancaria que asigne o ICO a partir do día 16 de maio.

### **3º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO ORZAMENTO ANO 2012.**

Dada conta do expediente tramitado para a aprobación, no seu caso, do Presuposto desta Entidade, formado para o exercicio 2012 polo Sr. Alcalde-Presidente deste Concello. Considerando que na súa tramitación se cumpriron os arts. 162,163,164,166 e 168 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, Real Decreto 500/ 1990, de 20 de abril e E.H.A./40-41 2004 de 23 de novembro, polo que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local .

A continuación toma a palabra o Concelleiro do PSG-PSOE D. Dario A. Piñeiro López, poñendo de manifesto que o seu grupo vai votar en contra, porque no referente a ingresos non se vai cumprir o que se establece por licencia de obras, ocupación de vía pública e por vehículos. E no referente a gastos considera que ninguén debe votar a favor deste orzamento cando se gasta o mesmo en dúas dedicacións de concelleiros que en obras (sobre 44.000,00 €). Que este Concello de seguir con este ritmo de gasto terminará intervido polo Estado.

Por parte do Concelleiro Andres Caballero López manifesta que el durante os dous anos que foi Alcalde costoulle o Concello 50.000,00 €, polo que non lle parece



## **ESTADO DE GASTOS**

<b>Cap</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>
<b>A) OPERACIONES CORRENTES</b>		
1	GASTOS DE PERSOAL	627.130,14 €
2	GASTOS EN BEES CORRENTES E SERVICOS	642.433,24 €
3	GASTOS FINANCIEROS	8.001,00 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	161.602,00 €
<b>B) OPERACIONES DE CAPITAL</b>		
6	INVERSIÕES REILES	73.002,00 €
8	ACTIVOS FINANCIEROS	3.000,00 €
9	PASIVOS FINANCIEROS	7.756,62 €
<b>TOTAL GASTOS.....</b>		<b>1.522.925,00 €</b>

2º.-Aprobar, igualmente, as Bases de Execución de dito Presuposto, e cadro de persoal.

3º.-Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamación, conforme o preceptuado no art. 169.1 da citada Lei.

4º.-Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, xuntamente co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, segundo dispoñen os arts. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e 169.3 da repetida Lei; e noutro caso procederase de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

5º.-Que de conformidade co número 4 do mesmo artigo, se remita copia do referido Presuposto á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

### **4º.-ORDENANZA FISCAL REGULADORAS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS INTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS E COLOCACIÓN DE CARTEIS PUBLICITARIOS.**

Vista a ordenanza epigrafiada que se contemplaba no plan de axuste aprobado polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 30-03-2012.

Sometido o asunto a votación o Pleno por maioría absoluta, ó votar a favor 6 Concelleiros (5 do P.P. e 1 do CDL) e abstendose 5 Concelleiros (4 do PSG-PSOE e 1 do BNG).

#### **ACORDOU:**

1º.-Prestar aprobación inicial a ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais e colocación de carteis publicitarios.

2º.-Expoñelo ao público polo prazo de 30 días hábiles no B.O. da Provincia, ó obxecto de examen e reclamacións.

3º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

**5°.-ORDENANZA REGULADORA DA APERTURA DE ESTABLECEMENTOS PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES NON SOMETIDAS A AVALIACIÓN DA INCIDENCIA AMBIENTAL.**

Vista a ordenanza reguladora da apertura de establecementos para o exercicio de actividades non sometidas a avaliación da incidencia ambiental.

Sometido o asunto a votación o Pleno por maioría absoluta, ó votar a favor 6 Concelleiros (5 do P.P. e 1 do CDL) e abstendose 5 Concelleiros (4 do PSG-PSOE e 1 do BNG).

**ACORDOU:**

1°.-Prestar aprobación inicial a ordenanza reguladora da apertura de establecementos para o exercicio de actividades non sometidas a avaliación da incidencia ambiental.

2°.-Expoñelo ao público polo prazo de 30 días hábiles no B.O. da Provincia, ó obxecto de examen e reclamacións.

3°.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

**6°.-MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU QUE EXTENDA A ADMINISTRACIÓN E AS AUTORIDADES MUNICIPAIS A INSTANCIA DE PARTES (EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS).**

Vista a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por documentos que expida ou que extenda a Administración e as autoridades municipais a instancia de partes (expedición de documentos administrativos).

Toma a palabra o portavoz do PSG-PSOE Dario A. Piñeiro López quen pon de manifesto que as cuantías lles parecen moi elevadas.

Sometido o asunto a votación o Pleno por maioría absoluta, ó votar a favor 6 Concelleiros (5 do P.P. e 1 do CDL) e abstendose 5 Concelleiros (4 do PSG-PSOE e 1 do BNG).

Despois de discutir este asunto quedou claro que esta ordenanza non é para aplicar a naves agrícolas ou gandeiras.

**ACORDOU:**

1°.-Prestar aprobación inicial a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por documentos que expida ou que extenda a administración e as autoridades municipais a instancia de partes (expedición de documentos administrativos).

2°.-Expoñelo ao público polo prazo de 30 días hábiles no B.O. da Provincia, ó obxecto de examen e reclamacións.

3°.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

E non habendo máis asuntos que tratar dáse por rematada a sesión por orde do Sr. Alcalde, sendo as doce horas cuarenta e cinco minutos, estendéndose a presente acta que como Secretario, certifico.

